

II CONVENIO ENTRE INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), XESGALICIA, SOCIEDAD GESTORA DE ENTIDADES DE INVERSIÓN DE TIPO CERRADO, S.A.U. (XESGALICIA), CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (CONSORCIO), VIGOACTIVO SOCIEDAD DE CAPITAL RIESGO DE RÉGIMEN SIMPLIFICADO, S.A. (VIGOACTIVO), FUNDACIÓN CLÚSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) E PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. (PSA), PARA CONTINUIDADE DUN FOCO DE EMPRENDEMENTO NO SECTOR DA AUTOMOCION EN GALICIA (BUSINESS FACTORY AUTO - BFA)

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2019

REUNIDOS:

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da XUNTA DE GALICIA, nomeado para o devandito cargo polo Decreto *Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia* (DOG núm. 217, do 14/11/2016), actuando en nome e representación da Axencia Galega de Innovación (en diante GAIN), na súa calidade de presidente, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos; do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante IGAPE), por razón do seu cargo e en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica; e de XESGALICIA, Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.U. (en diante XESGALICIA), na súa calidade de presidente do seu Consello de Administración, en virtude do disposto no artigo 18 dos seus estatutos.

Doutra parte, D. DAVID REGADES FERNÁNDEZ, Presidente do Consello de Administración de VIGOACTIVO SOCIEDAD DE CAPITAL RIESGO DE RÉGIMEN SIMPLIFICADO, S.A. (en diante VIGOACTIVO), nomeado para o dito cargo con data do 1 de outubro de 2018.

Comparece igualmente en calidade de Delegado especial do Estado no CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (en diante o CONSORCIO), nomeado para o devandito cargo polo Real Decreto 837/2018, do 6 de xullo, autorizado polo seu Comité Executivo na súa sesión de 30 de maio de 2019.

Doutra parte, D. JUAN ANTONIO LLOVES GUNTIN na súa calidade de presidente da Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (en diante CEAGA), elixido presidente da Fundación o pasado 30/03/2017 e facultado para este acto en virtude do artigo 21 dos estatutos da Fundación.

Doutra parte, D. IGNACIO BUENO CASTEL, director xeral do centro de Vigo de Groupe PSA, en representación de Peugeot Citroën Automóviles España S.A. (en diante PSA), segundo poderes de data 30/01/2019.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Que o IGAPE é o ente de dereito público, adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Entre as empresas participadas polo Igape encóntrase XESGALICIA, a cal é unha empresa pública, que dende o ano 1999 financia o desenvolvemento empresarial mediante participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas, outorgando, como complemento, préstamos participativos ou préstamos ordinarios a longo prazo a

empresas participadas, realizándoo a través da xestión e administración de diferentes fondos de investimento e unha sociedade de capital risco.

II. Que GAIN é unha axencia pública autonómica adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, creada polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, ao amparo da autorización prevista na disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, que, de acordo cos seus estatutos, ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias de innovación eficientes.

Para a consecución dos seus obxectivos, GAIN, de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, poderá colaborar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado, a través dos correspondentes convenios.

III. Que o CONSORCIO, creado mediante o Decreto do 20 de xuño de 1947, é unha entidade de dereito público dependente do *Ministerio de Hacienda* cuxo obxecto, segundo figura no seu Estatuto Fundacional (aprobado por Orden do *Ministerio de Hacienda* do 24 de xullo de 1951 e modificado por Orden do 11 de maio de 1998) é, ademais da explotación da Zona Franca, a contribución ao desenvolvemento e dinamización económica e social da súa área de influencia, configurándose na práctica como unha axencia de desenvolvemento local.

Con este carácter, o CONSORCIO ven realizando actuacións de importante repercusión e transcendencia económica como, a modo de exemplo, a creación e promoción do chan empresarial, o impulso ao emprendemento e innovación, ou a prestación de servizos de información a empresas a través do programa ARDÁN, servizo de información empresarial orientado ao público en xeral.

IV. Que VIGOACTIVO é unha empresa pública, participada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo (83,83%) por *Abanca Corporación Industrial y Empresarial, S.L.* (16,05%) e pola Cámara de Comercio de Vigo (0,12%), que dende o ano 1993 apoia o crecemento de empresas, fundamentalmente a través do financiamento de capital risco. Así, cun total de fondos desembolsados superior aos 16,3 millóns de euros, ten entre os seus obxectivos fundamentais:

- A contribución ao desenvolvemento económico e social de Galicia mediante o apoio a empresarios e emprendedores.
- O investimento en proxectos con altas expectativas de rendibilidade.
- O apoio ás negociacións con entidades financeiras e novos investidores.

V. Que CEAGA representa ao Sector de Automoción de Galicia. Creouse inicialmente como asociación en abril de 1997 co obxectivo de cohesionar a realidade industrial existente. Tratouse, no comezo, dunha iniciativa de 37 empresas fabricantes de compoñentes (que representaban naquel momento 1.100 millóns de euros de facturación e 5.900 empregados) que buscaban incrementar o seu nivel de competitividade e aproveitar sinerxías. O Clúster seguiu evolucionando ata converterse nun elemento chave da economía de Galicia. Actualmente CEAGA agrupa o 100% do Sector de Automoción de Galicia: ao fabricante, o Centro de Vigo do Grupo PSA, ao Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) e a 131 empresas de compoñentes e servizos de apoio. A visión de CEAGA é situar ao Sector de Automoción de Galicia nunha posición de liderado competitivo e sostible a nivel global no horizonte 2025, contribuíndo ao progreso e á calidade de vida do noso contorno.

VI. Que Groupe PSA, ao que pertence Peugeot Citroën Automóviles España S.A., é o segundo construtor de automóbiles europeo con 3.878.000 unidades vendidas en todo o mundo no ano 2018, dos cales o 80,1% en Europa e o 19,9% no resto do mundo; representando unha cifra de negocios de 74.700 millóns de euros.

Groupe PSA concibe experiencias automobilísticas únicas e aporta solucións de mobilidade innovadoras para responder ás expectativas de todos. O Grupo conta con cinco marcas de automóviles -Peugeot, Citroën, DS, Opel e Vauxhall- e propon unha oferta diversificada de servizos conectados e de mobilidade baixo a marca Free2Move. O seu plan estratéxico “Push to Pass” constitúe una primeira etapa hacia o seu obxectivo: “Ser un constructor de automóviles mundial líder en eficiencia e un proveedor de servizos de mobilidade de referencia para una relación de por vida cos seus clientes. E un dos pioneiros do vehículo autónomo e o automóbil conectado. Súas actividades enténdense asimismo a la financiación del automóbil con PSA Financial Service y Opel Finance e a os equipamentos para la industria da automoción con Faurecia

VII. Que a Xunta de Galicia aposta polo emprendemento e a innovación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns de Galicia, como panca de eficiencia e de calidade da xestión autonómica, e como polo de xeración e atracción de actividades de alto valor engadido.

VIII. Que a propia Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria publicou a *Axenda de Competitividade Galicia: Industria 4.0*, na que se recollen os plans de impulso, os enfoques estratéxicos e as medidas para impulsar en Galicia o renacemento dunha industria renovada, moderna, innovadora e competitiva a nivel global.

IX. Que esta *Axenda de Competitividade Galicia: Industria 4.0* inclúe entre as súas medidas e accións a curto prazo, a posta en marcha dun FOCO DE EMPRENDEMENTO SECTORIAL no sector da automoción, que denominaremos *Business Factory Auto (BFA)*, e que consiste no desenvolvemento en Galicia dunha estratexia dirixida á xeración de novos proxectos de emprendemento no sector da automoción, especialmente innovadores e destinados a solucionar problemas, incorporar novas solucións ou avances ou propor iniciativas empresariais rompedoras para a industria da automoción; para este desenvolvemento será precisa unha conxunción óptima de medios e recursos públicos e privados que impulsen e faciliten o proceso.

X. Que o CONSORCIO, no seu carácter de axencia de desenvolvemento local, considera que o fomento ao emprendemento e innovación será un dos piares básicos sobre os que se cimentará o crecemento da economía galega.

Que para tal efecto, o CONSORCIO, no marco dos seus programas de apoio ao emprendemento e á innovación, creou programas como VIAGALICIA, cuxo obxectivo é a aceleración de proxectos emprendedores, innovadores e invertibles, aos que se acompaña na súa validación, posta en marcha, financiamento e maduración.

XI. Que CEAGA, no marco do seu 3º Plan Estratéxico do Sector de Automoción de Galicia 2016-2020, *visión 2025 (P3CA)*, propónse entre os seus retos de futuro fomentar o emprendemento innovador coma motor de recuperación da economía. Así propón a creación dun centro de referencia para a implementación de programas de apoio a proxectos especializados en automoción, coa idea de transformalos en empresas innovadoras, viables e escalables, que atraian e reteñan talento, que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

XII. Que PSA soporta unha parte importante desta visión sobre o concepto de Innovación Aberta para construír e pilotar relacións de creación de valor compartido cos catro ecosistemas: as persoas, as empresas, o mundo académico e as institucións. A Business Factory Auto en Galicia xerará un ámbito favorecedor para a transformación dunha idea relacionada co mundo do automóbil nun proxecto empresarial; implementar programas de creación, desenvolvemento e promoción de startups, spin outs e spin offs.

XIII. Que a Lei 9/2013, do 19 de decembro de 2013, do emprendemento e da competitividade económica en Galicia, ten por obxecto, de acordo co establecido no seu artigo 1, a definición dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, a través da xeración de cultura emprendedora, a formación, a flexibilización dos trámites

administrativos, a ampliación dos prazos de validez dos permisos e a introdución de instrumentos financeiros, servizos específicos ás persoas emprendedoras e incentivos fiscais.

XIV. De acordo cos antecedentes anteriormente indicados e coas previsións contidas nas referencias normativas sinaladas, e tendo en conta o evidente beneficio que actividades como as desenvolvidas por este tipo de programas reportan ao conxunto da sociedade, as partes citadas asinaron o 9 de setembro de 2016 o I CONVENIO ENTRE INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), XESGALICIA, SOCIEDAD GESTORA DE ENTIDADES DE INVERSIÓN DE TIPO CERRADO, S.A.U. (XESGALICIA), CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (CONSORCIO), VIGOACTIVO SOCIEDAD DE CAPITAL RIESGO DE RÉGIMEN SIMPLIFICADO, S.A. (VIGOACTIVO), FUNDACIÓN CLÚSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA) E PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A., para a posta en marcha dun foco de emprendemento no sector da automoción en Galicia (Business Factory Auto - BFA). Este convenio contemplaba a celebración de 3 edicións.

XV. Que no marco das tres primeiras edicións do Business Factory Auto, recibíronse 124 candidaturas de 9 países diferentes, co resultado de 35 novas empresas creadas. Estas empresas xeraron mais de 200 postos de traballo e xeraron mais de 20 millóns de euros de facturación. O 30% de esta facturación foi internacional.

XVI. Á vista dos resultados obtidos nestas 3 edicións, GAIN, IGAPE, XESGALICIA, o CONSORCIO, VIGOACTIVO, CEAGA, e PSA, teñen interese en xuntar novamente esforzos para dar continuidade ao programa iniciado no ano 2016, tratando de consolidalo e seguir favorecendo o emprendemento e a innovación no ámbito da automoción en Galicia.

A colaboración das partes no desenvolvemento desta iniciativa, plasma a efectiva realización dun interese público e fai que resulte xustificada a participación da Administración na actividade prevista para acadar resultados comúns aos intereses das partes asinantes.

Con tal motivo, as partes consideran de especial interese a súa colaboración na continuidade do Foco de Emprendemento Sectorial de Automoción en Galicia (BFA), posto en marcha no ano 2016, e, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto crear as condicións axeitadas para o desenvolvemento do Foco de Emprendemento posto en marcha no ano 2016, centro de referencia baixo a denominación *Business Factory Auto (BFA)*, de xeito que se consoliden e melloren os programas de apoio a iniciativas de emprendemento e consolidación de proxectos especializados en automoción e a súa transformación en empresas innovadoras, viables e escalables, que atraian e reteñan talento, que contribúan a fortalecer o posicionamento do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

Coa visión de converter o Programa BFA no referente na Unión Europea en canto á promoción da innovación aberta e disruptiva no sector auto, contéplase a integración dos axentes necesarios para consolidar un ecosistema de innovación auto en Galicia, que porán en común os seguintes recursos:

- a) Recursos humanos e económico-financeiros.
- b) Espazo físico vinculado ao sector con equipamentos axeitados ás accións a desenvolver.
- c) Equipamento tecnolóxico.
- d) Recursos de coñecemento: titorización, mentorización, tech-meetings.
- e) Recursos de Centros Tecnolóxicos: laboratorios e outro medios de análise e validación.

- f) Servizos de soporte: asesoría, tutorías, mentores, ...
- g) *International partners*: mentorización e *tech-meetings* e captación.
- h) *Leader companies*: involucradas para facilitar acceso a mercados, validación de proposta de valor e modelo de negocio, empresas tractoras, visitas para coñecer o seu funcionamento.

Segunda. Planificación do Programa BFA

O Programa BFA desenvolverase en torno a convocatorias de carácter anual, contemplándose no presente convenio a realización de tres edicións, da 4ª a 6ª, ambas inclusive, (2019-2020, 2020-2021 e 2021-2022). Cada edición consta de 4 fases, cuxo desenvolvemento se describe na cláusula terceira:

1. Convocatoria.
2. Selección.
3. Aceleración.
4. Consolidación.

Terceira. Desenvolvemento do Programa BFA

Segundo se indica na cláusula segunda, cada convocatoria do Programa BFA consta de 4 fases, que se desenvolverán segundo segue:

1. Fase: Convocatoria

A proposta do Equipo Xestor, e trala aprobación polo Comité Executivo, realizarase unha convocatoria pública a través da páxina web propia do Programa BFA e noutros medios como redes sociais, radio, etc. Os solicitantes formalizarán a súa solicitude de participación e achegarán a información respecto dos seus proxectos que se indique nas bases da convocatoria. Todos os entes asinantes apoiarán a difusión do Programa BFA incorporando un enlace á web do Programa BFA nas súas respectivas páxinas web institucionais.

Realizaranse convocatorias para cada edición nas datas que seguen:

- Cuarta edición: xuño-setembro 2019
- Quinta edición: xuño-setembro 2020
- Sexta edición: xuño-setembro 2021

Os procesos de convocatoria, contemplarán a captación de proxectos para a súa participación nas fases de aceleración e consolidación.

2. Fase: Selección

Valoraranse todos aqueles proxectos que cumpran os termos e condicións fixados nas bases da convocatoria. Esta fase comprende:

- Subfase 1: Cumprimento das condicións administrativas contidas nas bases reguladoras, que avaliará o Equipo Xestor. O equipo Xestor poderá requirir a emenda da documentación presentada se esta fose incorrecta.
- Subfase 2: Calidade do proxecto e adecuación do equipo para a posta en marcha do proxecto con garantías, que avaliará o Comité Executivo, quen poderá solicitar informes de terceiros expertos (centros tecnolóxicos, OTRIs, Universidades, industria, etc), expertos cos que se establecerán convenios segundo o disposto na cláusula novena deste convenio.

En particular, teranse en conta os seguintes aspectos:

1. Criterios de avaliación do equipo:

- Competencias, coñecemento e experiencia no sector automoción ou área de aplicación do proxecto
- Adecuación e complementariedade da formación e experiencia do equipo ás necesidades do proxecto
- Compromiso, motivación e dedicación do equipo emprendedor
- Risco asumido pola entidade promotora/equipo promotor

2. Criterios de avaliación do proxecto:

- Grao de innovación, entendido como a base científica, tecnolóxica ou de coñecemento na que se apoia, así como a capacidade dos atributos diferenciadores que incorpora a proposta de valor para ser gañadores.
- Grao de acelerabilidade ou capacidade para desenvolver un produto mínimo viable (PMV) no transcurso do Programa e executar o proxecto.
- Grao de escalabilidade ou potencial de crecemento e de xeración de economías de escala.
- Capacidade para consolidarse no mercado e xerar ingresos recorrentes.
- Impacto socioeconómico: iniciativa viable que contribúa á dinamización do tecido empresarial.

Na avaliación das inscricións seleccionaranse ata 40 proxectos, aos que posteriormente se realizará unha entrevista persoal (coa finalidade de verificar o compromiso e dedicación dos membros do equipo), tras a que se seleccionarán ata 20 proxectos que participarán nunha xornada Demo Day de presentación. Tras esta xornada, seleccionárase un máximo de 10 proxectos para cada unha das fases seguintes (aceleración ou consolidación).

Realizaranse procesos de selección para cada edición nas datas que seguen:

- Cuarta edición: setembro-outubro 2019
- Quinta edición: setembro-outubro 2020
- Sexta edición: setembro-outubro 2021

Cada proceso de selección contempla:

- A selección de proxectos que soliciten participar na fase de aceleración.
- A selección de proxectos que, tendo pasado ou non pola fase previa de aceleración, soliciten participar na fase de consolidación.

3. Fase: Aceleración

O número de proxectos empresariais participantes simultáneos será como máximo de 10. Durante a fase de aceleración os equipos participarán nun proceso de formación e aceleración de 9 meses de duración nas instalacións, cedidas polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e xestionadas por CEAGA para o desenvolvemento do Programa BFA, participando nas seguintes actividades:

- Formación: formación grupal de interese xeral e píulas de formación adaptadas a cada proxecto.
- Pilulas formativas
- Titorización: cada equipo contará cun titor especializado no sector automoción.
- Mentorización: rede de mentores do sector automoción e doutros ámbitos de coñecemento aos que os proxectos terán acceso para resolver cuestións específicas.
- *Tech-meetings*: talleres con expertos de recoñecido prestixio.
- Networking: actividades conxuntas cos proxectos (sesións nas que exporán os avances realizados no desenvolvemento do proxecto, visitas a empresas...)

Estas actividades seguirán un programa que se centrará en:

- Validar a necesidade identificada.
- Desenvolver un produto mínimo viable.
- Realizar un proceso iterativo con clientes representativos.
- Conseguir unha pre-venda/venda.

- Definir o modelo de negocio.

Realizaranse procesos de aceleración para cada edición previsiblemente nas datas que seguen:

- Cuarta edición: decembro 2019 - agosto 2020
- Quinta edición: decembro 2020 - agosto 2021
- Sexta edición: decembro 2021 - agosto 2022

Nesta fase de aceleración, poderanse establecer fitos axustados a cada proxecto asociados á recepción do financiamento definido na cláusula sétima.

Nas bases da convocatoria estableceranse as esixencias aos proxectos durante a súa participación no proceso de aceleración do Programa BFA.

4. Fase: Consolidación

Durante a fase de consolidación os equipos participarán nun proceso de formación e consolidación que se desenvolverá nas instalacións cedidas polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e xestionadas por CEAGA para o desenvolvemento do Programa BFA, participando nas seguintes actividades:

- Formación: formación grupal de interese xeral.
- Mentorización: rede de mentores do sector automoción e de outros ámbitos de coñecemento aos que os proxectos terán acceso para resolver cuestións puntuais.
- Networking: a través de actividades realizadas por CEAGA, etc.

Estas actividades seguirán un programa que se centrará en:

- Dispoñer dun produto desenvolvido.
- Vendas/Ingresos recorrentes.

Esta fase terá una duración de ata 12 meses e poderán participar un máximo de 10 proxectos.

Realizaranse procesos de consolidación para cada edición previsiblemente nas datas que seguen:

- Cuarta edición: novembro 2019 - outubro 2020
- Quinta edición: novembro 2020 - outubro 2021
- Sexta edición: novembro 2021 - outubro 2022

Segundo se detalla na cláusula sétima, as empresas poden recibir financiamento adicional nesta fase.

Cuarta. Bases do Programa BFA

O funcionamento operativo de cada unha das edicións do Programa BFA establécese nas bases do programa, que se publicarán, con antelación suficiente, na páxina web propia que se creará para o programa BFA, e que terán o seguinte contido mínimo:

- Requisitos para poder participar na convocatoria e forma de acreditarlos, respectando en todo caso os mínimos recollidos na cláusula quinta.
- Criterios obxectivos de selección.
- Procedemento de selección.
- Prazo e forma de presentación de solicitudes.
- Medio de notificación e comunicación cos participantes.
- Causas de exclusión.

- Compromisos derivados da participación.
- Protocolo de expulsión.

Quinta. Condicións básicas dos proxectos participantes

Poderán participar no Programa BFA aqueles proxectos que así o soliciten e cumpran os seguintes criterios mínimos de elixibilidade:

- Equipo: 2 membros do equipo como mínimo deben estar dedicados ao 100% ao proxecto, valorándose o grao de compromiso, competencias e habilidades. Todos os participantes nun proxecto deben estar identificados e debidamente rexistrados na web do Programa BFA, xestionada por CEAGA.
- Proxecto: innovador, acelerable e escalable.
- Poderán presentar solicitude para participar na fase de aceleración do Programa BFA proxectos sen constituír. No caso de ser seleccionados, deberán proceder á súa constitución formal antes de iniciar o proceso de aceleración.
- Os proxectos poderán estar formulados por empresas xa constituídas sempre que non superen a antigüidade máxima de 42 meses na data de presentación da candidatura, en consonancia co indicado no art. 5 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. As empresas participantes asumen o compromiso ter o centro principal de actividade e o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
- Dispoñer, se procede, da propiedade intelectual da idea/proxecto presentado, ou dispor dos permisos correspondentes para o seu uso.

Dependendo da fase de desenvolvemento na que se atopen os proxectos, poderán optar á fase de aceleración e/ou á fase de consolidación. A inclusión nunha ou outra fase do Programa BFA determinarase segundo segue:

1. SEED: aceleración:

- Idea (PMV)
- Non existe necesariamente un modelo de negocio.

2. EARLY STAGE: consolidación:

- Produto desenvolvido e/ou
- Ten clientes e/ou
- Xera ingresos recorrentes.

Sexta. Formalización da participación dos proxectos

A participación na convocatoria da iniciativa suporá a aceptación das bases de partida, sen salvedades nin condicionantes, así como de calquera resolución que se poida producir por calquera dos órganos descritos na cláusula oitava .

Unha vez que os proxectos/empresas superen o proceso de selección e acepten as condicións de participación no itinerario de capacitación establecido nas fases de aceleración e consolidación, deberá recollerse nun protocolo de capacitación as obrigas e beneficios da súa participación na iniciativa (incluíndo as achegas financeiras que correspondan). Este protocolo conterá as condicións de expulsión, que definirá tres niveis de incumprimento (atención e aviso e expulsión efectiva).

Dadas as dúas posibilidades de participación no Programa BFA, establécense sendos protocolos: un de aceleración e outro de consolidación.

Sétima. Financiamento dos proxectos participantes

Para o financiamento do custo de participación dos proxectos no Programa BFA, habilitaranse os seguintes instrumentos:

1. Financiamento fase aceleración:

- GAIN: Fondo Perdido 25.000,00 euros por proxecto. O outorgamento desta subvención realizarase a través do convenio de concesión directa, para o que, con carácter orientativo, se recolle un modelo no anexo II.
- XESGALICIA: Préstamo participativo con opción a capitalización ata 50.000,00 euros por proxecto a través do fondo de investimento que mellor se adapte á fase de evolución do proxecto.

Os proxectos seleccionados no momento que se incorporen á fase de aceleración disporán dun financiamento de ata 10.000,00 euros. Para este financiamento terá que estar constituída a empresa, ter o centro principal de actividade e o seu domicilio fiscal e social en Galicia, e cumprir as condicións e requisitos establecidos por XESGALICIA.

O resto do importe do préstamo poderá ter varios desembolsos en función do cumprimento dos fitos do plan de negocio.

- VIGOACTIVO: Préstamo participativo con opción a capitalización ata 50.000,00 euros por proxecto.

Os proxectos seleccionados no momento que se incorporen á fase de aceleración poderán dispor dun financiamento de ata 10.000,00 euros. Para este financiamento terá que estar constituída a empresa, e cumprir as condicións e requisitos establecidos por VIGOACTIVO.

O resto do importe do préstamo poderá ter varios desembolsos en función do cumprimento dos fitos do Plan de negocio.

Os proxectos financiados por VIGOACTIVO requirirán un seguimento posterior e deberán achegar información financeira periódica ou calquera outra que se considere oportuna.

Para solicitalos xuntarase a documentación indicada no anexo III.

2. Financiamento fase consolidación:

- XESGALICIA: Préstamo participativo ata 250.000,00 euros por proxecto a través do fondo de investimento que mellor se adapte á fase de evolución do proxecto. O importe do préstamo estará condicionado a que os socios/outsos financiadores acheguen polo menos o mesmo financiamento ao proxecto desde a data de presentación do proxecto á convocatoria da BFA e poderá ter varios desembolsos.

Para este financiamento a empresa deberá ter o centro principal de actividade e o domicilio social e fiscal en Galicia, e cumprir as condicións e requisitos establecidos por XESGALICIA.

Os proxectos financiados por XESGALICIA requirirán un seguimento posterior e deberán aportar información financeira periódica ou calquera outra que se considere oportuna.

Para solicitalos achegarse a documentación indicada no anexo IV.

Oitava. Órganos de decisión e xestión

Para o correcto funcionamento do Programa BFA é preciso establecer un modelo de organización capacitado, de xeito que permita controlar e regular o funcionamento da iniciativa, garantir a toma de decisións, minimizar os riscos e garantir a calidade dos servizos e compromisos propostos. Este modelo estrutúrase en torno das seguintes figuras:

- Presidencia.
- Comité Executivo.
- Equipo Xestor.

A composición e funcións de cada un dos órganos enumerados xunto co Plan Operativo do Programa BFA establécense no anexo I.

O Programa BFA non ten personalidade xurídica propia.

Novena. Participación doutros axentes

Para o desenvolvemento do programa BFA pode resultar necesaria a participación doutras entidades e organismos, de natureza pública e/ou privada, non recollidas no presente convenio. En particular, prevese a realización de convenios coa seguinte tipoloxía de entidades:

- Empresas do sector.
- Entidades de financiamento: venture capital e bancos.
- Partners Internacionais de automoción e emprendemento.
- Centros de coñecemento colaboradores (AIMEN, CTAG, GRADIANT e Clúster TIC).
- Outras institucións (Universidades...)

A participación destes axentes farase efectiva mediante a celebración dos correspondentes convenios entre eles e CEAGA, na súa condición de xestor da iniciativa BFA. En todo caso, a celebración destes convenios, na medida en que poden incidir na operativa do programa BFA, deberán ser previamente autorizados polo Comité Executivo.

Décima. Obrigas do Igape

IGAPE asume as seguintes obrigas:

1. Co-financiamento do orzamento operativo.
2. Co-liderado e participación activa nas funcións do Comité Executivo.

Undécima. Obrigas de XESGALICIA

XESGALICIA asume as seguintes obrigas:

1. Financiamento dos proxectos (segundo a cláusula sétima) tanto na fase de aceleración como na fase de consolidación, e sempre que cumpra as condicións e requisitos que a tal efecto se establezan por XESGALICIA.
2. Co-liderado e participación activa nas funcións do Comité Executivo.

Duodécima. Obrigas de GAIN

GAIN asume as seguintes obrigas:

1. Co-liderado e participación activa nas funcións do Comité Executivo
2. Financiamento aos proxectos de aceleración en forma de subvención a fondo perdido.

Décimo terceira. *Obrigas do CONSORCIO*

O CONSORCIO asume as seguintes obrigas:

1. Participación na Presidencia.
2. Co-liderado e participación activa nas funcións do Comité Executivo.
3. Cesión de instalacións para o desenvolvemento do Programa BFA: a ZF vai promover a construción do *World Car Center* en Vigo que, no futuro, acollerá á BFA. Con todo, mentres este proxecto non estea operativo, a BFA ubicarase noutra edificación da ZF. Concretamente, a ZF se compromete a :
 - Cesión de área de *coworking* duns 220 metros na planta primeira do Edificio Tecnolóxico Aeroespacial sito no Parque Empresarial de Porto do Molle. O espazo estará equipado con mobiliario básico de oficina (mesas, cadeiras, caxoneiras e andeis). CEAGA, como xestor da iniciativa, contratará os subministros que necesite e adquirirá as dotacións e equipamentos adicionais que considere necesario. Este espazo poderá cambiarse por outro noutra edificación da ZF se esta así o considerase oportuno.
 - En función do uso e da dispoñibilidade, poderá compartir a utilización do espazo comedor do *coworking* da planta baixa e das salas de reunións do edificio así como da sala de formación do Centro de Negocios do Parque Empresarial
 - No caso de xustificarse a necesidade e se houbera dispoñibilidade de espazo, a BFA poderá dispoñer dun taller nos viveiros industriais de Porto do Molle para uso dos emprendedores. Neste caso, CEAGA deberá contratar os subministros que necesite e dotará o espazo das instalacións e equipamentos que sexan necesarios.
 - Os proxectos na fase de consolidación poderán solicitar o uso dun taller individual nos viveiros industriais do Parque Empresarial de Porto do Molle ou do Polígono Industrial A Granxa se houbese dispoñibilidade. Dado que estes espazos serán asignados individualmente aos proxectos seleccionados, estes terán que aportar a documentación necesaria, subscribir o correspondente contrato e abonar o canon de servizos vixente no viveiro correspondente.

Décimo cuarta. *Obrigas de VIGO ACTIVO*

VIGOACTIVO asume as seguintes obrigas:

- 1.- Co-liderado e participación activa nas funcións do Comité Executivo.
- 2.- Financiamento dos proxectos (segundo a cláusula sétima) na fase de aceleración, e sempre que cumpra as condicións e requisitos que a tal efecto se establezan por VIGOACTIVO.

Décimo quinta. *Obrigas de CEAGA*

CEAGA asume as seguintes obrigas:

1. Liderado da iniciativa.
2. Participación na Presidencia.
3. Participación no Comité Executivo.
4. Xestión da iniciativa, dotando o persoal necesario para a conformación do Equipo Xestor e coordinando ao resto de partícipes (expertos, *leader companies*, mentores, formadores, titores, institucións, etc):
5. Apoio na formación aos proxectos.
6. Co-financiamento da iniciativa mediante achegas en especie.
7. Xustificación ante o IGAPE dos gastos incorridos na xestión da iniciativa segundo se regula no Anexo V
8. Xestión do espazo cedido polo CONSORCIO e contratación dos subministros que considere necesarios.
9. Proporcionar os equipamentos tecnolóxicos que sexan necesarios

Décimo sexta- *Obrigas de PSA*

PSA asume as seguintes obrigas:

1. Participación na Presidencia.
2. Co-liderado e participación activa nas funcións do Comité Executivo.
3. Apoio aos proxectos facilitando visitas ao Centro PSA de Vigo.
4. Posibilidade de contactos puntuais con “expertos PSA” temáticos en áreas tecnolóxicas clave, incluíndo a dirección de innovación do Grupo en París, a demanda dos emprendedores e tras acordo dos membros de PSA no comité executivo do BFA.

Décimo sétima. Compromisos de achegas económicas para o financiamento dos proxectos participantes

1. Financiamento de GAIN

GAIN achegará ao desenvolvemento do programa a cantidade de 750.000 €, dos orzamentos da Axencia Galega de Innovación para os anos 2020, 2021 e 2022, con cargo á partida orzamentaria 09.A3.-561A-7700, segundo segue:

FASE	4ª Edición		5ª Edición		6ª Edición		Total (€)
	2019	2020	2021	2022	2023	2024	
ACELERACIÓN	-	250.000,00	-	250.000,00	-	250.000,00	750.000,00
Total (€) por anualidade	-	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	750.000,00
Total (€) por edición	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	250.000,00	750.000,00

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei; así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *minimis* (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013).

En virtude do disposto no artigo 3.2 do devandito regulamento, o importe total das axudas de *minimis* concedidas por un estado membro a unha única empresa, non excederá de 200.000€ durante calquera período de tres exercicios fiscais. O dito límite máximo aplícase a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto de *minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen, ou do obxectivo perseguido.

Con base o anterior, xunto coa documentación xustificativa relacionada no anexo II deste convenio, o beneficiario deberá presentar unha declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.

As entidades cuxos proxectos foran subvencionados e/ou financiados con anterioridade por XESGALICIA e/ou por GAIN no marco de calquera outro programa de aceleración, quedarán excluídas das achegas económicas e financiamento a conceder, previsto no presente convenio na fase de aceleración.

No caso de que o proxecto xa tivera financiamento previo por parte do XESGALICIA ou GAIN, o financiamento no marco do Programa BFA terá que ser aprobado polo Comité Executivo.

2. Financiamento de XESGALICIA

Para a fase de aceleración XESGALICIA, destinará aos 10 proxectos seleccionados na fase de aceleración de cada convocatoria do *Business Factory Auto* a cantidade máxima de 500.000 euros, a razón dun máximo de 50.000,00 euros por proxecto, mediante préstamos participativos con opción a capitalización a través do fondo de investimento que mellor se adapte á fase de evolución do proxecto.

Para a fase de consolidación XESGALICIA, destinará aos 10 proxectos seleccionados na fase de consolidación de cada convocatoria do *Business Factory Auto* a cantidade máxima de 250.000,00 euros por proxecto, mediante préstamos participativos concedidos a través do fondo de investimento que mellor se adapte á fase de evolución do proxecto.

Distribuirase por edición segundo segue:

FASE	4ª Edición		5ª Edición		6ª Edición		Total (€)
	2019	2020	2021	2022	2023	2024	
ACELERACIÓN	100.000,00	400.000,00	100.000,00	400.000,00	100.000,00	400.000,00	1.500.000,00
CONSOLIDACIÓN	1.250.000,00	1.250.000,00	1.250.000,00	1.250.000,00	1.250.000,00	1.250.000,00	7.500.000,00
Total (€) por anualidade	1.350.000,00	3.000.000,00	3.000.000,00	3.000.000,00	1.650.000,00	1.650.000,00	9.000.000,00
Total (€) por edición	3.000.000,00	3.000.000,00	3.000.000,00	3.000.000,00	3.000.000,00	3.000.000,00	9.000.000,00

Este financiamento será compatible con outras axudas establecidas por outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privada, nacional ou internacional, para o mesmo fin, sen que, en ningún caso, illadas ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, superen o custo da actividade subvencionada e os límites máximos do financiamento público.

No caso de abandonar, non cumprir co establecido na convocatoria do programa ou coas condicións establecidas para a súa concesión ou un informe negativo de seguimento, XESGALICIA terá dereito a resolver o financiamento concedido e a non realizar os desembolsos pendentes.

Cumprir coas condicións e os requisitos establecidos por XESGALICIA e acheguen a documentación indicada no Anexo IV deste convenio.

No caso de que XESGALICIA financiasse ao proxecto a través doutro programa de aceleración/consolidación coa mesma finalidade, o proxecto non poderá obter financiamento no marco da BFA.

No caso de que o proxecto xa tivese financiamento previo por parte de XESGALICIA, o financiamento no marco da BFA terá que ser aprobada polo Comité de Investimentos e polo Consello de Administración de XESGALICIA.

3. Financiamento por parte de VIGOACTIVO

VIGOACTIVO destinará unha cantidade igual á achegada por XESGALICIA a cada proxecto seleccionado para a fase de aceleración, sempre que a empresa cumpra as condicións e requisitos establecidos por VIGOACTIVO.

FASE	4ª Edición		5ª Edición		6ª Edición		Total (€)
	2019	2020		2021		2022	
ACELERACIÓN	100.000,00	400.000,00	100.000,00	400.000,00	100.000,00	400.000,00	1.500.000,00
Total (€) por anualidade	100.000,00	500.000,00		500.000,00		400.000,00	1.500.000,00
Total (€) por edición	500.000,00		500.000,00		500.000,00		1.500.000,00

As entidades cuxos proxectos foran subvencionados e/ou financiados con anterioridade por VIGOACTIVO no marco de calquera outro programa de aceleración, quedarán excluídas das achegas económicas e financiamento a conceder, previsto no presente convenio na fase de aceleración.

Décimo oitava. *Financiamento operativo do Programa BFA*

Para o financiamento operativo do Programa BFA, CEAGA, como responsable da xestión, asignará medios e recursos internos e externos para a posta en marcha e desenvolvemento do programa.

O Igape, cofinanciará os custos de execución e xestión do Programa BFA cunha achega plurianual de ata o 80% dos custos xustificadas por CEAGA en cada anualidade, con cargo á partida 09.A1.-741A-6402, cos límites especificados na seguinte táboa de orzamento dedicado plurianual:

IGAPE	4ª Edición		5ª Edición		6ª Edición		Total (€)
	2019	2020	2021		2022		
TOTAL	132.310,06	354.399,79	111.071,60	361.865,34	111.976,95	352.376,26	1.424.000,00
Total (€) por anualidade	132.310,06	465.471,39	473.842,29		352.376,26		1.424.000,00
Total (€) por edición	486.709,85		472.936,94		464.353,21		1.424.000,00

Corresponde a CEAGA asumir o 20% restante dos custos operativos que se produzan, cos límites establecidos na seguinte táboa:

CEAGA	4ª Edición		5ª Edición		6ª Edición		Total (€)
	2019	2020	2021		2022		
TOTAL	33.077,52	88.599,95	27.767,90	90.466,34	27.994,24	88.094,06	356.000,00
Total (€) por anualidade	33.077,52	116.367,85	118.460,57		88.094,06	356.000,00	
Total (€) por edición	121.677,46		118.234,24		116.088,30	356.000,00	

Décimo novena. *Vixencia*

Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, previa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO), ata o remate da fase de consolidación da sexta convocatoria do Programa BFA, co límite do 31 de decembro de 2022.

O Consorsio será responsable de inscribir o convenio no REOICO e no Boletín Oficial do Estado.

Vixésima. Comisión de seguimento do convenio

Para facilitar a execución e desenvolvemento así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión integrada, en principio, e salvo mutuo acordo das partes na súa modificación que obrigatoriamente plasmarase como unha addenda ó convenio, polos seguintes membros, nomeados por cada entidade para tal efecto:

- 1 membro por parte do Igape, que actuará como presidente, e que será nomeado pola persoa que ocupe a dirección xeral do IGAPE ou persoa en quen delegue.
- 1 membro por parte de GAIN, que será nomeado pola persoa que ocupe a dirección xeral de GAIN.
- 1 membro por parte de XESGALICIA, que será nomeado pola persoa que ocupe a dirección xeral de XESGALICIA.
- 1 membro por parte do CONSORCIO, que será nomeado pola persoa que ocupe a Delegación especial do Estado no CONSORCIO.
- 1 membro por parte do VIGOACTIVO, que será nomeado pola persoa que ocupe a presidencia do consello de administración de VIGOACTIVO.
- 2 membros por parte de CEAGA, que será nomeado pola persoa que ocupe a xerencia de CEAGA.
- 2 membros por parte de PSA, que será nomeado pola persoa que ocupe a dirección xeral da planta de Vigo de Groupe PSA.

Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Vixésimo primeira. Causas de resolución

O Convenio poderá extinguirse, ademais de polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, polas seguintes causas:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A parte incumplidora non terá que indemnizar economicamente ás outras partes, sen prexuízo da súa responsabilidade fronte a terceiros.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- f) Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos no convenio.
- g) Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- h) O mutuo acordo das partes asinantes en caso de desvinculación do convenio dalgún deles, que requirirá un preaviso remitido en forma fidedigna ás outras partes con, polo menos, dous meses de antelación á data efectiva da desvinculación desexada e a autorización previa prevista no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- i) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo máximo improrrogable de 8 meses para a súa

finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación do convenio nos termos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Vixésimo segunda. *Publicidade*

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape, e a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización dos asinantes do convenio para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Así mesmo, o Consorcio dará cumprimento ao establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización de IGAPE, GAIN, XESGALICIA, CEAGA, PSA e VIGOACTIVO para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do CONSORCIO ós órganos competentes de Ministerio de Hacienda.

O asinantes do convenio deberán subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.

A firma deste convenio supoñerá o consentimento expreso por parte do CONSORCIO para que a Administración Galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo aos deberes específicos en materia de información sobre convenios; e co disposto no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Ao mesmo tempo, a firma deste convenio supoñerá o consentimento expreso dos entes da administración galega para incluír e facer públicos os datos do presente convenio no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, creado pola Disposición adicional sétima da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e para dar cumprimento á obrigación contemplada no artigo 8.1. b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Vixésimo terceira. *Inexistencia de relación laboral*

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, nin contractual nin de ningún outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e ningunha das entidades asinantes deste convenio.

Vixésimo cuarta. *Deber de segredo e confidencialidade*

Corresponsabilidade

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd), as entidades promotoras do Programa BFA e asinantes do presente convenio son consideradas corresponsables de aqueles tratamentos derivados das accións e programas promovidos a través do Business Factory Auto (BFA). Isto débese a que as ditas entidades determinan conxuntamente os obxectivos e os medios do tratamento.

Neste senso, tal e como esixe o citado artigo, as partes conveñen, a través do presente documento, en determinar de modo transparente as respectivas responsabilidades en relación ao cumprimento da normativa en materia de protección de datos.

Deste xeito, en relación ao principio de licitude do tratamento, todas e cada unha das entidades promotoras do Programa BFA comprométese a tratar a información respecto da que son corresponsables amparándose nalgunha das bases lexitimadoras reguladas polo artigo 6.1 do RXPd.

Neste senso, cada un dos tratamentos deberá ampararse nalgunha das seguintes causas lexitimadoras:

- a) O interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos;
- b) O tratamento é necesario para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou para a aplicación a petición deste de medidas precontractuais;
- c) O tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento;
- d) O tratamento é necesario para protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa física;
- e) O tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento;
- f) O tratamento é necesario para a satisfacción de intereses lexitimos perseguidos polo responsable do tratamento ou por un terceiro, sempre que sobre os ditos intereses non prevalezan os intereses ou os dereitos e liberdades fundamentais do interesado que requiran a protección de datos persoais, en particular cando o interesado sexa un neno.

En relación ao deber de obtención do consentimento, no suposto de que fose requirido, CEAGA comprométese á obtención do consentimento de forma inequívoca, dos interesados ou titulares dos datos, tendo en conta os requisitos esixidos en base ao artigo 7 do RXPd. Para iso, é necesario que CEAGA obteña o consentimento en nome de todos e cada un dos corresponsables, informando aos titulares dos datos da dita corresponsabilidade, que poderá ser consultada na Política de Privacidade publicada no sitio web do Programa BFA.

Por outra parte, respecto do cumprimento do deber informativo regulado no artigo 13 do RXPd, CEAGA comprométese a cumprir co dito deber, informando de xeito conciso, transparente, intelixible e de fácil acceso, aos titulares dos datos, acerca dos extremos indicados no citado artigo. Neste senso CEAGA comprométese a incorporar en todas e cada unha das vías de recollida de datos a información básica requirida legalmente, asimismo, comprométese á creación da Política de Privacidade para publicala no sitio web do Programa, implementando así un sistema de dobre capa informativa, tal e como se esixe en virtude do artigo 11 da Lei 3/2018 de protección de datos e garantía de dereitos dixitais.

En relación á atención aos dereitos dos interesados, os dereitos que todo titular de datos de carácter persoal pode exercer veñen regulados nos artigos do 15 ao 22 do RXPd. Estes son:

1. Acceso, rectificación, supresión e oposición.
2. Limitación do tratamento.

3. Portabilidade de datos.

4. A non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís).

Neste senso, independentemente de ante que corresponsable exerza o afectado calquera dos seus dereitos, será CEAGA o encargado de atender a solicitude dentro do prazo legalmente establecido, isto é un mes desde a súa recepción.

Para iso, en caso de que un interesado presente unha solicitude de exercicio de dereitos ante outro corresponsable distinto de CEAGA, deberá comunicar a dita solicitude á maior brevidade posible, sen superar o prazo de 7 días desde a súa recepción, ao corresponsable encargado de atender as solicitudes dos interesados, isto é CEAGA.

En relación á implantación de medidas de seguridade técnicas e organizativas, todos os corresponsables, no caso de que tiveran acceso a datos de carácter persoal derivados do Programa BFA, comprométese a adoptar todas as medidas de seguridade necesarias, de conformidade co establecido no artigo 32 do RXPd. Neste senso tendo en conta o estado da técnica, os custos de aplicación e a natureza, o alcance, o contexto e os fins do tratamento, así como os riscos de probabilidade e gravidade variables para os dereitos e as liberdades das persoas físicas, todos os promotores do Programa BFA comprométese a establecer as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir o nivel de seguridade adecuado ao risco existente.

En todo caso, comprométese a implantar mecanismos para:

- a) Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- b) Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de maneira rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- c) Verificar, avaliar e valorar, de xeito regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- d) Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se é o caso.

Por último, en relación ao rexistro e seguimento de violacións de seguridade, CEAGA comprométese a levar a cabo a xestión e o rexistro das violacións de seguridade que se produzan en relación aos tratamentos derivados do presente Convenio. Por outra parte, cando sexa requirida a comunicación da violación de seguridade á autoridade de control ou a notificación da mesma aos interesados afectados, en base ao artigo 34 do RXPd, será CEAGA o encargado da dita tramitación. Non obstante, en caso de que, durante o tratamento de datos de carácter persoal por parte de cada un dos responsables, se produza unha incidencia de seguridade, o corresponsable que teña coñecemento da mesma deberá comunicalo a CEAGA de xeito que poida levar un seguimento das incidencias producidas, os seus efectos e as súas posibles medidas correctoras de maneira que se establezan os trámites necesarios para xestionar e rexistrar a incidencia producida.

O feito de que CEAGA se comprometa individualmente ao cumprimento dos deberes e obrigas identificados na presente cláusula, libera ao resto de corresponsables do cumprimento de tales responsabilidades.

Información básica sobre protección de datos

Cumprindo co deber informativo en relación aos datos persoais contidos no presente convenio e cumprindo co principio de transparencia recoñecido pola normativa en materia de protección de datos, infórmase que os datos incluídos no mesmo serán tratados por cada un dos Promotores do Programa BFA coa finalidade de xestionar a presente relación que lles une.

O tratamento dos datos obxecto do presente convenio ten a súa base lexitimadora, fundamentalmente, na execución da relación contractual entre as partes, así como no interese lexítimo de ambas.

Os datos persoais poderán ser comunicados ás entidades públicas -estatais ou autonómicas- competentes en base aos supostos marcados pola lei.

Os datos tratados conservaranse durante a vixencia da presente relación contractual, independentemente dos prazos de prescrición establecidos legalmente e mentres duren os prazos de prescrición para o exercicio das accións correspondentes. Procederase á supresión dos datos segundo a normativa en materia de eliminación de documentos polas Administracións Públicas.

Por outra parte, as partes informan que para exercer os dereitos a acceder, rectificar e suprimir os datos, á portabilidade dos mesmos, á limitación no seu tratamento, así como a súa oposición ao mesmo, deberase remitir un escrito, en función de ante que entidade promotora desexa exercer o dereito, ao enderezo postal que corresponda das indicadas no punto “Reunidos” do presente Convenio, a través dun escrito acompañado dunha fotocopia do DNI ou documento identificativo similar, salvo que algunha das entidades promotoras, estableza ou comunique, de xeito fehaciente, outro enderezo adicional.

Para obter información adicional ao respecto recoméndase acudir ás Políticas de Privacidade de cada unha das entidades, a priori, publicadas nos seus correspondentes sitios web.

Vixésimo quinta. *Modificación do convenio*

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento, requirirá acordo unánime dos asinantes e deberá formalizarse na correspondente addenda, previa autorización segundo o establecido no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Exceptúase do disposto no apartado anterior, toda alteración das actuacións relativas aos proxectos presentados, que se rexerán polas previsións recollidas nas bases do Programa.

Segundo as previsións do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Vixésimo sexta. *Natureza xurídica e resolución de conflitos*

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas quedando sometido ao réxime xurídico de convenios previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que se puidese suscitar sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á Comisión de seguimento prevista neste. En caso de

persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Vixésimo sétima. Normativa aplicable

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento en catro exemplares cos mesmos efectos no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria

O Delegado especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo e presidente do Consello de Administración de VIGOACTIVO

Francisco José Conde López

David Regades Fernández

O presidente da Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia

O director xeral de Peugeot Citroën Automóviles España S.A.

Juan Antonio Lloves Guntín

Ignacio Bueno Castel

ANEXO I

GOBERNANZA E XESTIÓN DO PROGRAMA BFA

ÓRGANOS DE GOBERNO:

1. Presidencia. A presidencia conformarase o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, en nome e representación do IGAPE, XESGALICIA e GAIN, que actuará como presidente, e os representantes de CONSORCIO, CEAGA e PSA e, que actuarán como vicepresidentes. Cada un dos membros contará con un voto, agás o conselleiro de Economía, Emprego e Industria que contará cun voto por cada unha das entidades que representa.

As súas funcións serán:

- Avaliación da actuación do Comité Executivo e Equipo Xestor.
- Revisión anual de resultados.

O funcionamento dos órganos de Goberno rexerase polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

2. Comité Executivo: será o órgano de decisión para calquera aspecto que afecte ao propio funcionamento da iniciativa. Estará presidido por CEAGA e contará coa representación das seguintes entidades: IGAPE, XESGALICIA, GAIN, CONSORCIO, PSA, e VIGO ACTIVO. O número de representantes por entidade será o que se mostra a continuación:

- CEAGA: 5 membros
- PSA: 3 membros
- IGAPE: 2 membros
- XESGALICIA: 2 membros
- GAIN: 2 membros
- CONSORCIO: 2 membros
- VIGOACTIVO: 2 membros

Cada un dos membros contará con un voto e serán nomeados para tal efecto por cada una das entidades.

O Comité Executivo terá, entre outras, as funcións que se indican a continuación:

- Decidir acerca da orientación estratéxica do Programa BFA.
- Aprobar a realización das convocatorias públicas de captación de proxectos.
- Realizar o seguimento do progreso do traballo técnico que afecte ao Programa BFA.
- Aprobar os gastos xerais reais e as previsións de gastos para cada período económico.
- Propor a inclusión ou exclusión dun axente, tal e como se indica na cláusula novena do Convenio.
- Votar a selección final dos proxectos participantes na fase de aceleración e/ou consolidación.
- Votar sobre a exclusión dalgún dos proxectos dos participantes.

INCOMPATIBILIDADES co exercicio das súas funcións:

- Os membros do Comité non poderán participar como promotores e/ou integrantes dos proxectos seleccionados.
- No caso de tratarse de persoal adscrito ás súas entidades respectivas requirirase consentimento expreso da totalidade dos integrantes do Comité Executivo.

Funcionamento e toma de decisións do COMITÉ EXECUTIVO:

- **Reunións:** reunirse bimestralmente. A petición do Equipo Xestor pódense realizar reunións extraordinarias, mediante previa convocatoria con polo menos 15 días de antelación, acompañada da orde do día proposto. Este quedará aceptado salvo que algunha das partes notifique por escrito ao Comité Executivo algún punto adicional a tratar, con polo menos cinco días de antelación á data da reunión.

Considerarase como válida calquera reunión do Comité Executivo á que asistan ben persoalmente ou representados un número de membros que representen, polo menos, un 70% da porcentaxe de participación na iniciativa (a porcentaxe calcularase sobre o número de integrantes do Comité Executivo).

As actas das reunións do Comité Executivo do Programa enviaranse ás partes dentro dos 15 días despois da data da reunión.

- **Toma de decisións:** calquera decisión que deba ser sometida a votación nas reunións do Comité Executivo do Programa BFA deberá ser incluída na orde do día da convocatoria de reunión. As decisións adoptaranse por unha maioría que represente o 51% dos votos, presentes ou representados. En caso de empate, o Presidente do Comité Executivo terá un voto decisivo.
- **Representación:** calquera membro do Comité Executivo do Programa poderá ser representado por outro membro, mediante un poder de representación por escrito.

3. Equipo Xestor: será a Fundación CEAGA quen actúe como Xestor da iniciativa, quen porá a disposición do Proxecto o seguinte equipo:

- Xefe de Programa (Director Financeiro): 75% de dedicación.
- Coordinador do Programa: 100% de dedicación.
- Axudante do coordinador do programa: 100% de dedicación
- Responsable 4.0: 50% de dedicación
- Responsable de comunicación: 50% de dedicación.
- Responsable de formación: 50% de dedicación.
- Responsable de captación de proxectos (Xerente): 50% de dedicación.

CEAGA, ademais do persoal asignado, poderá designar a participación dun auxiliar administrativo ao proxecto, que preste apoio ao coordinador, naquelas fases que requiran unha maior dedicación

Para o desempeño das súas funcións o equipo xestor dispoñerá dos recursos técnicos e administrativos necesarios.

O **ROL** do Equipo Xestor será levar a cabo todas as actividades relativas á planificación, execución e control da iniciativa para asegurar os plans e obxectivos fixados. En concreto encargarase de:

- Supervisión e control do avance do Programa.
- Desenvolvemento e execución do Plan Operativo.
- Propor ao Comité Executivo a realización das convocatorias públicas de captación de proxectos.
- Xestión económico-administrativa do Programa.
- Definición e execución do Plan de calidade e control.
- Definición e execución do Plan de Comunicación.
- Xestión de Recursos.

- Preparación dos informes de seguimento e do informe final para o tratamento e toma de decisión no Comité Executivo.
- Organización de reunións.
- Resolución de incidencias.
- Representación en todas as reunións e comités que o Comité Executivo considere.
- Coordinación do equipo de consultaría correspondente, sendo contratado directamente pola Fundación CEAGA, que participe na xestión e organización das fases de aceleración e consolidación.
- Prestar asesoramento e apoio ao Comité Executivo do Programa BFA cando así sexa requirido.
- Captar e coordinar a entidades do sector privado e centros de coñecemento colaboradoras tanto nos procesos de selección de proxectos participantes no programa de aceleración e/ou consolidación, coma nos procesos de asesoramento aos emprendedores a través de profesionais pertencentes ás súas entidades.
- Captar e coordinar a participación de avaliadores externos independentes nos procesos de avaliación das candidaturas presentadas.
- Captar e coordinar a empresas líderes do sector da automoción en Galicia, de xeito que participen na busca e proposición de proxectos e na avaliación posterior das candidaturas presentadas a cada unha das convocatorias, de cara a determinar os proxectos/empresas participantes na fase de aceleración/consolidación.

INCOMPATIBILIDADES co exercicio das súas funcións:

- Os membros do Equipo Xestor non poderán participar como promotores e/ou integrantes dos proxectos seleccionados nin prestar ningún tipo de servizo externo requirido polo Programa BFA.

Respecto do Xefe de Programa correspóndenlle as seguintes funcións:

- Mantemento da iniciativa aliñada coa estratexia e a xestión definidas.
- Voceiro da iniciativa e das comunicacións cos interesados.
- Participación no proceso de contratación.
- Coordinación co Comité Executivo e presentación a este de calquera información ou situación significativa e relacionada coa iniciativa que lle sexa comunicada.
- Coordinación das relacións entre os axentes implicados e *partners*.
- A supervisión do estado financeiro e administrativo do proxecto, asegurando o correcto cumprimento do orzamento, prazos e actividades deste.

As funcións do **Coordinador de Programa** son as que se definen seguidamente:

- Coordinación co Xefe do Programa BFA.
- Responsable técnico do Programa.
- Responsable de calidade do Programa.
- Coordinación técnica xeral do Programa.
- Coordinación da preparación e canalización da entrega da documentación necesaria para a xustificación das actividades realizadas.
- Participación nos eventos e actividades do programa de capacitación.
- Xestión das relacións cos provedores.

XESTIÓN:

Plan operativo: Para cada unha das convocatorias establecerase un plan operativo que será desenvolvido e executado polo Equipo Xestor. Este Plan conterá:

- Os obxectivos e directrices.
- Os recursos necesarios para logralo.
- As ferramentas necesarias para realizar un seguimento da evolución do Programa BFA e anticiparse a posibles desviacións dos obxectivos.

Establecerase un *planing* das actividades e fitos de cada unha das convocatorias. Sobre a base deste *planing*, levarase a cabo o seguimento dos períodos de execución e o cumprimento dos fitos.

Ás reunións de seguimento asistirán, polo menos, o Equipo Xestor e o Comité Executivo. Nelas presentaranse os informes de seguimento e o informe final, que recollerán os seguintes contidos:

Informe de Seguimento mensuais

- Obxecto e contidos do informe.
- Descrición do estado do proxecto: situación actual, actividades de coordinación e apoio, comunicación, actividades realizadas no ámbito do programa de capacitación e entregables xerados.
- Planificación actualizada do proxecto e próximas actividades.
- Control de riscos: Matriz RAV, plans de actuación e continxencia asociados aos riscos detectados, responsable dos plans de actuación.
- Decisións tomadas e pendentes.
- Cadro de indicadores actualizado.

Informe Final

- Obxecto e contidos do informe.
- Descrición da totalidade dos traballos realizados nas diferentes fases determinadas para o Programa.
- Planificación actualizada do Programa BFA.
- Decisións tomadas ao longo do Programa BFA.
- Cadro de indicadores actualizado.
- Listado de proxectos participantes.
- Recursos: Desagregación de horas do equipo de traballo, materiais, etc.
- Impacto en medios.
- Conclusións e leccións aprendidas.

O Coordinador levará a cabo o control e seguimento dos **entregables** que seguidamente se detallan, os cales serán arquivados e consultables no **Xestor documental** implantado na páxina web:

- **Plan de Xestión e Calidade do Programa BFA.** Recollerá o deseño e elaboración dos mecanismos e documentos de soporte para o control e bo desenvolvemento da execución do Programa BFA (KPIs, fitos, enquisas de calidade, etc).
- **Plan de Comunicación.** Recollerá a seguinte estrutura: introdución, obxectivos, público obxectivo, estratexia, accións, calendario, mapa de responsables e indicadores.
- **Manual do Programa BFA.** Incluirá a metodoloxía detallada, así como os distintos modelos, formatos e ferramentas de traballo a empregar en todas e cada unha das actuacións a desenvolver. O Manual do Programa deberá incluír un Código Ético do Programa BFA e ser asinado por todos os participantes e interesados.

- **Planificación.** Incluirá unha proposta da planificación das fases propostas, a asignación de recursos a cada unha das actividades propostas, e un calendario de actividades.
- **Informe de Perfil dos proxectos/empresas participantes.** Unha vez seleccionados os proxectos/empresas participantes, para aqueles que acepten as bases de partida determinadas, realizarase un informe que recolla unha análise da situación de partida para establecer o grao de desenvolvemento do proxecto e establecer fitos para o proceso de desenvolvemento deste.
- **Informe final de Programa BFA.** Informe que recolle unha descrición detallada da execución do proxecto, actividades realizadas e dos resultados obtidos (análise de KPIs, calidade, participantes, impactos nos medios, etc).
- **Informe final Proxectos Participantes.** Informe que recolle o resultado das actividades realizadas nas diferentes fases.

Plan de calidade e de control

O Plan de Calidade e Control é responsabilidade do Director de Programa e desprégase sobre a base de dous eixes:

- A Xestión preventiva de riscos potenciais.
- A Xestión correctiva de incidentes.

Xestión preventiva de riscos potenciais: Matriz RAV

Analizaranse os riscos potenciais asociados ás actividades do proxecto, a súa probabilidade de ocorrencia e o seu impacto potencial sobre os obxectivos do proxecto. Sobre a base diso, definirase unha estratexia de acción preventiva de riscos, que incluírá un mecanismo de detección temperá e unha rutina de actuación chegado o caso.

Estas actuacións de detección/actuación de carácter preventivo materializaranse a través dunha "Matriz RAV", a cal indicará: riscos detectados e nivel de gravidade, plan de acción ou de continxencias e responsable. Os riscos identificaranse na Matriz RAV de acordo á súa gravidade potencial como:

- **R - Vermello:** risco para a consecución dos obxectivos de proxecto e que precisen unha acción prioritaria e radical.
- **A - Amarelo:** necesitan de plans de acción consistentes e seguimento especial para que non se transformen Vermello.
- **V - Verde:** todos os incidentes ou riscos que non son graves. Teñen doada solución, con plans de acción xa definidos. Xestión correctiva de incidentes

A Xestión correctiva de incidentes

Poñerase en marcha de chegar a producirse un incidente e para iso estableceranse uns tempos de resposta e corrección, sobre a base dos acordos de calidade de servizo acordados, para o que se propón:

- Tempo máximo de resposta de 45 minutos, xa sexa por correo electrónico, teléfono ou mesmo presencialmente en caso necesario.
- Tempo de solución de incidencias en función da súa clasificación:
- Incidencia de complexidade baixa: 1 día laborable.
- Incidencia de complexidade media: 3 días laborables.
- Incidencia de complexidade alta ou que non dependa exclusivamente do equipo consultor: 5 días laborables.

Cadro de Mando de Indicadores

Definición de indicadores para medir a calidade das actividades realizadas e do Programa BFA no seu conxunto. O Cadro de Mando de Indicadores incluírá indicadores de:

- Accións de Comunicación
- Actividades grupais e individuais
- Servizos de Apoio e Valoración

Plan de comunicación

Establecerase un documento guía para o desenvolvemento da comunicación do proxecto, no que se describirá o enfoque estratéxico da comunicación da iniciativa. Para dar a coñecer todas as actuacións das que consta o proxecto será necesario realizar unha serie de accións e actuacións concretas que terán como obxectivo prioritario dalo a coñecer, tanto aos axentes interesados como na sociedade en xeral.

Todas as actuacións terán como obxectivo:

- Difundir a imaxe institucional do proxecto, a participación dos socios e, en xeral, contribuír a fomentar o espírito emprendedor na sociedade.
- Informar das actividades realizadas na iniciativa e os resultados obtidos.
- Posicionar a iniciativa como referente a nivel europeo.
- Potenciar a colaboración e transferencia de *know-how* entre os proxectos e axentes do ecosistema emprendedor e da industria.

Dirixíranse as accións de comunicacións cara á captación de proxectos/empresas e de axentes colaboradores. Realizaranse accións de comunicación directas de cara aos medios de comunicación, para informar das accións do programa BFA e dar a coñecer o Programa BFA á sociedade en xeral.

A estratexia de *marketing* centrarase no uso de medios masivos, coma prensa e medios dixitais, e na realización de *mailing* e chamadas telefónicas, empregando en todo momento un estilo próximo, coidado, preciso e directo. Está previsto a realización de presentacións conxuntas e *one-to-one* con os principais actores do sector da automoción de Galicia.

ANEXO II

MODELO DE CONVENIO DE CONCESIÓN DIRECTA

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E _____ MEDIANTE O CAL SE PROCEDE Á REGULACIÓN DAS CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS PREVISTAS NO CONVENIO ASINADO ENTRE INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), XESGALICIA, SOCIEDAD GESTORA DE ENTIDADES DE INVERSIÓN DE TIPO CERRADO, S.A.U. (XESGALICIA) E FUNDACIÓN CLÚSTER DE EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN DE GALICIA (CEAGA), PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A., CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (CONSORCIO), VIGOACTIVO SOCIEDAD DE CAPITAL RIESGO DE RÉGIMEN SIMPLIFICADO, S.A. (VIGOACTIVO) PARA A POSTA EN MARCHA DUN FOCO DE EMPRENDIMENTO NO SECTOR DA AUTOMOCION EN GALICIA (BUSINESS FACTORY AUTO - BFA)

Santiago de Compostela, _____

REUNIDOS:

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da XUNTA DE GALICIA, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 116/2015, do 4 de outubro (DOG nº190, do 5 de outubro), actuando no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e polo Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria; Presidente da Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN), en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, D/Dña. _____, con NIF _____, e domicilio aos efectos de notificacións en _____, en nome e representación de _____, promotor do proxecto _____.

EXPOÑEN:

I. Que A Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN), o Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), XESGALICIA Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado SAU (en diante, XESGALICIA), Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (en diante, CEAGA), Peugeot Citroën Automóviles España S.A. (en diante, PSA), Consorcio da Zona Franca de Vigo (en diante, CONSORCIO) e Vigo Activo Sociedad de Capital de Riesgo de Régimen Simplificado (en diante, VIGO ACTIVO), asinaron un convenio para o desenvolvemento dun foco de emprendemento no sector da automoción en Galicia (Business Factory Auto - BFA)

II. Que o citado convenio prevé diversas achegas económicas para os proxectos apoiados no marco do Programa BFA, condición que cumpre o proxecto anteriormente indicado.

III. Con base no exposto, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio, con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.

O presente Convenio ten por obxecto regular os termos e condicións de execución da subvención prevista no convenio asinado entre GAIN, IGAPE, XESGALICIA, CEAGA, PSA, CONSORCIO e VIGO ACTIVO, para o desenvolvemento dun foco de emprendemento no sector da automoción en Galicia (Business Factory Auto - BFA).

Incorporarase ao presente convenio, un documento descritivo das características particulares do proxecto, segundo o modelo que a tal efecto se facilita.

Segunda.- Obrigas do beneficiario.

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das axudas concedidas quedan obrigados a:

Proceder ao reintegro, da subvención percibida, no suposto de incumprimento das condicións de participación no programa BFA.

Facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións; e someterse ás actuacións de comprobación que deban efectuar os devanditos órganos relativas ao control financeiro, e demais aplicables; así como as levadas a cabo polo órgano concedente; e no seu caso, ás da autoridade de xestión, ás verificacións do artigo 13 do Regulamento (CE) nº 1828/2006 e, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Comunicar ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Xustificar, nos casos nos que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor; a solicitude como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención, de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na redacción dada ao mesmo pola disposición final segunda da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013

Prestar consentimento expreso á publicidade por parte da Administración Galega dos datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativo ás obrigas específicas en materia de información sobre convenios; e co disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan o rexistro de convenios da Xunta de Galicia, e os rexistros

públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, respectivamente.

Prestar consentimento expreso á publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.3 da Lei 15/2014, do 16 de novembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Terceira- Financiamento.

O importe total da axuda a conceder por parte de GAIN é dun máximo de _____ €.

Para determinar a procedencia do pago das axudas ao beneficiario, terase en conta a certificación emitida polo Xefe do proxecto, pertencente ao Equipo Xestor, relacionando os proxectos cualificados, polo Comité Executivo do Programa, como “invertibles” e incorporados definitivamente á Aceleradora.

Cuarta- Réxime de pagamentos.

Ao amparo do previsto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e nos artigos 62 e 63 do Regulamento de desenvolvemento de dita Lei; poderase realizar pagos anticipados, respondendo estes a entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sendo as mesmas o desenvolvemento dos proxectos que resulten seleccionados para a súa incorporación á Fase de Aceleradora, de acordo coa seguinte distribución:

1) Primeiro pagamento.

Poderá pagarse ata un máximo dun 80% da cantidade destinada a cada un dos proxectos seleccionados, de forma anticipada; previa solicitude e entrega completa de toda a documentación solicitada para poder facerse efectivo este anticipo, presentada antes do 31 de marzo do ano correspondente segundo a respectiva edición, nas condicións que se indican no presente convenio.

2) Pagamento final e xustificación do mesmo.

A cantidade restante destinada a cada un dos proxectos seleccionados, pagarase tras a solicitude e xustificación nas condicións que se indican no presente convenio.

O libramento do presente pago requirirá o visto conforme de GAIN á xustificación e restante documentación presentada.

A solicitude para que se proceda ao pagamento da citada cantidade, deberá ser presentada antes do 1 de novembro do ano que corresponda a cada unha das edicións.

Como complemento da citada documentación, GAIN recibirá o informe de CEAGA, no que se verifique y valide a adecuación dos gastos ós fitos ou actividades planificadas e realizadas no desenvolvemento do Programa.

Quinta- Gastos subvencionables.

A modo indicativo, considéranse elixibles os seguintes conceptos:

- Adquisición de equipamento e material instrumental.
- Subcontratacións con organismos de investigación, cun límite máximo do cincuenta por cento (50%) da axuda.
- Gastos de asesoramento no rexistro de patentes.
- Servizos de apoio para a elaboración do plan de negocio, para a saída ao mercado, ou para a busca de inversores.
- Calquera outro que se considere relevante para a viabilidade do proxecto empresarial.

Cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso, salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado suficiente número de entidades, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

A Xunta de Galicia achegará o financiamento destas axudas a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, sendo condición indispensable para a súa concesión, o cumprimento por parte dos seleccionados dos requisitos legais para ser beneficiarios.

Sexta- Réxime de garantías .

O artigo 65 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, establece a obrigatoriedade de beneficiarios e entidades colaboradoras, de constitución de garantías, nos casos, entre outros, nos que se prevé a posibilidade de realización de pagos anticipados.

O presente convenio establece o pago anticipado de ata un 80% da cantidade destinada ao financiamento do proxecto.

Considerando que a finalidade que se persegue con dita achega, é dar apoio aos diferentes proxectos, facilitando a formalización ou constitución dos mesmos en empresas, e reducindo a carga económica que soporta calquera empresa, tanto nas súas orixes, como no inicio da súa actividade; exonérase da constitución de garantía legalmente prevista; conforme á previsión recollida no artigo 67 do Regulamento da LSG, relativo á posibilidade de autorización por parte do Consello de la Xunta, da exención da obriga de constitución de garantías.

Sétima- Alteración das actuacións.

A necesidade de modificar as actuacións a realizar, en canto que supón alteración das condicións tidas en conta á hora da concesión, poderá dar lugar á modificación da subvención concedida. En calquera caso, só se procederá á citada modificación, tras o informe favorable do Comité Executivo do BFA.

O procedemento de aprobación de modificación das actuacións iniciárase coa solicitude por parte do interesado, na dita solicitude deberá indicarse o alcance da modificación proposta, de xeito tal que queden claras as actuacións a modificar e o desenvolvemento do proxecto. A devandita solicitude presentárase no rexistro da Axencia Galega de Innovación, o citado rexistro está na Rúa Airas Nunes s/n 15702 de Santiago de Compostela.

Logo da devandita solicitude, GAIN procederá a solicitar o correspondente informe favorable ou visto e prace do Equipo Xestor do BFA.

Tras as anteriores actuacións, GAIN aprobará, no seu caso, a modificación proposta.

A anterior modificación, de producirse, formalizarase no correspondente documento ou addenda.

Oitava- Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con outras establecidas por esta ou outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional para o mesmo fin sen que, en ningún caso, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Non obstante o anteriormente indicado, as entidades cuxos proxectos foran subvencionados con anterioridade por GAIN no marco de calquera outro programa similar na súa fase de aceleración, quedarán excluídas da subvención de GAIN prevista neste convenio.

Novena- Réxime aplicable e reintegro

Estas axudas estarán suxeitas ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como a normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Igualmente procederá o reintegro (total ou parcial) no caso de incumprimento e / ou mal aproveitamento da aceleración por parte de algún dos proxectos seleccionados na fase final, o que deberá reflectirse nun informe suficientemente motivado.

Estarán suxeitas igualmente ao réxime de *minimis* establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *minimis* (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013).

Décima- Documentación a presentar para a solicitude do aboamento dos pagos previstos.

A documentación presentárase no rexistro da Axencia Galega de Innovación; o citado rexistro está na Rúa Airas Nunes, s/núm, CP 15702 de Santiago de Compostela.

Xunto coa documentación xustificativa relacionada, o beneficiario deberá presentar unha declaración do conxunto de axudas recibidas pola empresa en concepto de *minimis*, durante os dous exercicios fiscais anteriores, e durante o exercicio fiscal en curso.

Así mesmo presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, así como de entes privados.

A. Documentación precisa para o abono do primeiro pagamento.

O beneficiario deberá presentar a seguinte documentación:

1. Solicitud de pago.
2. NIF / pasaporte.
3. Certificado de entidade financeira relativo á titularidade da conta onde se debe realizar o pago, no que conste a razón social e NIF, así como o código internacional de conta bancaria (IBAN) ou o código internacional de identificación bancaria (BIC/SWIFT).
4. Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, ou autorización expresa para realizar as ditas consultas.
5. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A anterior solicitude, xunto coa documentación que a acompañe, haberá de presentarse unha vez iniciado o exercicio e antes do 31 de marzo do ano correspondente segundo a respectiva edición.

B. Documentación a presentar para o pago final.

A solicitude para que se proceda ao pagamento da cantidade prevista na cláusula sétima, relativa ao financiamento de actividades relacionadas ca execución de proxectos seleccionados para a súa incorporación a Fase Aceleradora, deberá ser presentada antes do 1 de novembro do ano que corresponda a cada unha das edicións. O beneficiario deberá presentar, a seguinte documentación:

1. Solicitud de pago.
2. NIF / pasaporte (no caso de solicitante diferente).
3. No caso de non autorizar a consulta, certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, no caso de que as presentadas ao momento da solicitude de pago do anticipo, non se encontrasen vixentes.
4. No caso de estar exento do IVE, documentación acreditativa da dita exención.

5. Cuarta de pagamento á que fai referencia o artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, relativa ao reintegro de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes; esixible nos casos nos que se prevé a posibilidade de concesión de anticipos.
6. Memoria xustificativa de actuacións: xustificarase o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, indicando actividades realizadas e obxectivos conseguidos. O beneficiario poderá achegar calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións subvencionadas. A citada memoria xustificará tanto as actuacións levadas a cabo con cargo ao anticipo cobrado, como as relativas ao cobro da cantidade restante.
7. Memoria económica xustificativa: xustificarase o custo das actividades realizadas, mediante:
 - a. Relación clasificada dos gastos e investimentos na posta en marcha do proxecto, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
 - b. Xustificación dos gastos realizados: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior emitidas dentro da anualidade correspondente.
 - c. Xustificación dos pagos efectuados: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pago. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o/a receptor/a, o/a emisor/a e o concepto do pago. Non se admitirán os pagos en efectivo.

Décimo primeira- Subcontratación

En relación coa posibilidade de subcontratación, os beneficiarios deberán achegar unha declaración expresa de que as persoas ou entidades contratadas e/ou subcontratadas para as actividades subvencionadas non están vinculadas con el, de conformidade co artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no seu Regulamento.

Décimo segunda.- Mecanismos de seguimento e execución.

Para o correcto seguimento das accións do convenio, crearase unha comisión de seguimento, paritaria entre representantes de GAIN e representantes da entidade beneficiaria.

Décimo terceira.- Vixencia.

O presente convenio estará vixente dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro do ano ao que se circunscriba a correspondente edición, sen posibilidade de prórroga.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica e resolución de conflitos.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas e polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de dita Lei; e pola restante normativa que, no seu caso, resulte de aplicación.

Décimo quinta.- Modificación do convenio.

Segundo as previsións do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Toda alteración que se realice referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá formalizarse na correspondente addenda.

Exceptúase do disposto no apartado anterior, toda alteración das actuacións relativas aos proxectos presentados, que se rexerán polas previsións recollidas nas bases do Programa.

Décimo sexta.- Protección de datos de carácter persoal

O tratamento dos datos persoais facilitados polo beneficiario, está suxeito ao establecido na cláusula vixésimo cuarta sobre deber de segredo e confidencialidade do convenio asinado entre Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Axencia Galega de Innovación (Gain), Xesgalicia, Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.U. (Xesgalicia) e Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga), Peugeot Citroën Automóviles España, S.A., Consorcio da Zona Franca de Vigo (Consortio), Vigoactivo Sociedad de Capital Riesgo de Régimen Simplificado, S.A. (Vigoactivo) para a posta en marcha dun foco de emprendemento no sector da automoción en Galicia (Business Factory Auto - BFA).

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente de GAIN.

(nome da entidade)

Francisco José Conde López.

ANEXO III

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A VIGO ACTIVO PARA O FINANCIAMENTO DE CADA UN DOS PROXECTOS NA FASE DE ACELERACIÓN

- Identificación da/s persoa/s de contacto.

Documentación do plan de negocio que conteña:

- Promotores do proxecto.
- Antecedentes e descrición do proxecto.
- Produto e procesos produtivos. Instalacións produtivas.
- Mercado, sector, competencia.
- Estratexia de comercialización e *marketing*. Contratos comerciais clave.
- Persoal actual da empresa e previsión de evolución do cadro de persoal.
- Investimento previsto e financiamento do proxecto.
- Estados económico-financeiros previsionais (4 exercicios).
- Estado de tesouraría, con detalle mensual, do primeiro ano a contar desde a situación actual.
- Toda documentación ou información que o analista precise para a comprobación e correcta comprensión do plan de negocio.

Documentación financeira

- Contas anuais dos últimos 3 exercicios económicos. No caso de auditar as contas os correspondentes informes de auditoría. Se procede
- Balance, conta de perdas e ganancias e estado de fluxos de efectivo a data de peche do último trimestre. Se procede
- Orzamento do exercicio corrente.
- Pool bancario a data de peche do último trimestre e último exercicio económico pechado. Se procede
- Informe CIRBE do Banco de España.

Documentación xurídica:

- Escritura de constitución e estatutos vixentes da Sociedade.
- Composición do capital e do órgano de administración.
- Poderes (cadro directivo).
- Certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas (AEAT, Seguridade Social e Comunidade Autónoma).
- Declaración xurada relativa a litixios nos que sexa parte a Sociedade, os seus socios e/ou administradores.
- Documentación relativa á prevención do branqueo de capitais (PBLAC):
 - Formulario de identificación do cliente.
 - DNI (ou equivalente) do representante da Sociedade e dos titulares reais.
 - Documento acreditativo da actividade á que se dedican o representante da Sociedade e os titulares reais.
- Toda documentación ou información necesaria para o coñecemento e correcta comprensión da situación legal da Sociedade.

Non se poderá utilizar o nome de VIGO ACTIVO para outros financiamentos que se poidan solicitar para o proxecto, salvo que isto sexa expresamente autorizado por VIGO ACTIVO, quedando esta eximida, en todo caso, das consecuencias que teña o non financiamento do proxecto, calquera que sexa a causa.

ANEXO IV

DOCUMENTACIÓN XESGALICIA PARA A FINANCIACIÓN DOS PROXECTOS

a) Identificación da/s persoas de contacto.

b) Plan de negocio:

- Promotores do proxecto.
- Antecedentes e descrición do proxecto.
- Produto ou servizo. Procesos produtivos. Instalacións produtivas.
- Mercado, sector, competencia.
- Modelo de negocio.
- Estratexia de comercialización e marketing. Contratos comerciais clave.
- Persoal actual da empresa e previsión de evolución do cadro de persoal.
- Inversión prevista e financiación do proxecto.
- Estados económicos-financeiros previsionais (4 exercicios en formato Excel)
- Estado de tesourería, con detalle mensual, do primeiro ano a contar dende a situación actual.
- Power point resumo das principais variables (Modelo facilitado por XESGALICIA).

c) Documentación financeira:

- No caso de estar constituída (Contas anuais dos 3 exercicios económicos. Si as contas están auditadas presentar os correspondentes informes de auditoría. Balance, conta de Pérdas e Gañancias e estados de tesourería a data de peche do último trimestre. Pool bancario a data de peche do último trimestre e último exercicio económico pechado.
- Orzamento do exercicio corrente.
- Informe CIRBE do Banco de España.
- Relación das axudas solicitadas ó IGAPE para este proxecto e certificado de non ter débedas con este organismo.
- No caso de que solicite outras axudas para o mesmo proxecto, aportará una declaración responsable do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos/privados, indicando o estado no que se encontran (aprobadas, concedidas, denegadas o pendentes de resolución). No caso contrario, declaración de non habelas solicitado

d) Documentación xurídica:

- Escritura de constitución e estatutos vixentes da sociedade.
- Composición do capital e órganos de administración.
- Copia do libro de rexistro de socios
- Certificado de estar ó corrente coas distintas administracións públicas (AEAT, Seguridade Social e Comunidade Autónoma).
- Declaración xurada relativa ós litixios nos que sea parte a sociedade, seus socios e/ou administradores.
- Pacto de socios previos e si fora o caso, compromisos adquiridos por outras aceleradoras.

e) Documentación relativa á prevención do branqueo de capitais (PBLAC):

- Formulario de Identificación do cliente (Modelo facilitado por XESGALICIA).
- Acta de titularidade real.
- DNI (ou equivalente) do representante da Sociedade ou dos titulares reais.
- CIF definitivo
- Certificado da conta corrente que conteña a totalidade dos titulares da mesma.

f) Outra documentación:

- Documentación relativa a propiedade da tecnoloxía e/ou os dereitos de explotación da mesma.
- No caso de aportacións non dinerarias, documentación da valoración de ditos activos.
- Adhesión ó regulamento interno de publicidade (modelo facilitado por XESGALICIA)
- Autorización do uso do logo da empresa por parte de XESGALICIA.
- Documento relativo o tratamento de datos de carácter persoal (modelo facilitado por XESGALICIA)

Poderase solicitar toda documentación ou información necesaria para o coñecemento e correcta comprensión do plan de negocio ou da situación económica e legal da empresa.

A documentación do plan de negocio deberá presentarse en galego ou castelán, os importes en euros e deberá estar firmada polo representante legal da empresa

A documentación financeira e xurídica, no caso de no estar en galego ou castelán, deberá presentarse traducida por intérprete xurado.

Non se poderá utilizar o nome de XESGALICIA para outros financiamentos que se podan solicitar para o proxecto, salvo que isto sexa expresamente autorizado por XESGALICIA, quedando esta eximida, en todo caso, das consecuencias que teña a non financiación do proxecto, calquera que sexa a causa.

ANEXO V

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR A IGAPE POR PARTE DE CEAGA, RELATIVA AOS GASTOS SOPORTADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA *BUSINESS FACTORY AUTO*, PARA O PAGO DA COMPENSACIÓN DOS GASTOS DERIVADOS DA SÚA POSTA EN MARCHA E DESENVOLVEMENTO

Para o pagamento da cantidade prevista na cláusula décimo oitava, relativa á compensación de parte dos gastos incorridos para a posta en marcha e desenvolvemento das diferentes fases do *Business Factory Auto*, CEAGA deberá presentar antes do antes do dez de novembro de cada ano, a seguinte documentación:

- Solicitude de pago.
- As solicitudes acompañaranse de sendas memorias comprensivas das actividades levadas a cabo para o desenvolvemento das diferentes fases do Programa BFA. A devandita memoria conterá, como mínimo, a seguinte información:
 1. Desenvolvemento das actividades do convenio.
 2. Acreditación dos gastos soportados e pagamentos realizados para o desenvolvemento das diferentes fases. A xustificación terá lugar mediante a achega dos xustificantes dos gastos recibidos dos diferentes provedores, e da xustificación da realización do pago (transferencia, certificación bancaria orixinal ou extractos de pago). Asemade a xustificación de gastos de persoal por medio de certificado do persoal asignado ao proxecto, xunto coas nóminas e seguros sociais.
 3. Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias estatais, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Xunto coa primeira solicitude, CEAGA deberá aportar os seguintes documentos:

- NIF da entidade.
- Certificado de titularidade da conta na que se deben realizar os pagos, no dito certificado deberá constar a razón social da entidade, o código internacional de conta bancaria (IBAN) ou o código internacional de identificación bancaria (BIC/SWIFT).
- De ser o caso, documentación acreditativa de exención do IVE ou da porcentaxe de prorrata a aplicar para o exercicio correspondente. (certificado de exención o modelo 390).

En todo caso, a achega de IGAPE, verase reducida proporcionalmente á diminución dos custes efectivamente soportados polo CEAGA, respectando en todo momento as porcentaxes de participación, de xeito tal, que a achega efectiva de IGAPE, será como máximo do 80% da cantidade soportada e efectivamente acreditada polo CEAGA.

A tipoloxía de gastos subvencionables divídese en:

- Dirección programa
- Eventos
- Avaliacións
- Comunicación
- Aceleración e consolidación de proxectos
- Medios
- Papelería